

**I.E.S. MARÍA SOLIÑO  
(Cangas do Morrazo)**

# **BIBLIOTECA.**

## **Equipo, Organigrama e Dotacións.**



## 1. DESCRIPCIÓN DA BIBLIOTECA:

A biblioteca do I.E.S María Soliño de Cangas do Morrazo está situada na planta baixa do edificio, nunha sala de arredor de 80 m<sup>2</sup>, con tres fiestras que aportan iluminación natural e cunha única entrada que a comunica coa área central do instituto. Dentro dela podemos distinguir durante o curso 2023-24 varios espazos diferenciados: Unha sala de lectura-estudio, con 8 mesas e 38 postos de lectura, en bo estado e adaptados a idade dos seus usuarios. Un espazo informal de lectura a carón da sección de banda deseñada cun sillón e mesa baixa e colchonetas e outra zona de consulta con 6 ordenadores con conexión a Internet, ademais do espazo de información e xestión. Os propios andeis serven para diferenciar e separar espazos, funcionando a modo de tabiques e creando distintos espazos que fan da sala un lugar acolledor. A existencia dunha serie de rastreles no teito da mesma, permiten pendurar elementos decorativos ou de outro tipo empregados en diversas actividades realizadas ao longo do curso, así como espazo informativo e de exposición, con libros colgados do teito. Por outra banda, a sala pode ser utilizada como espazo multiusos grazas a existencia dun canón de vídeo conectado a un ordenador e a un equipo de son, que permite proxectar nunha pantalla retráctil calquera elemento audiovisual.

Dentro dos equipamentos adquiridos temos mobiliario e lecturas adaptadas ás necesidades de **Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo**. T

No **ANEXO FOTOGRÁFICO nº 1**, pódense ver imaxes que exemplifican esta descrición.

A biblioteca ten un réxime de apertura que abrangue dende as 9.20 h ata as 15.00 h (luns e mércores) e dende as 9.20 h ata as 14.00 h (martes, xoves e venres), e aínda que non sempre pode estar atendida por un profesor, son os auxiliares de biblioteca os que se ocupan da súa xestión durante os recreos. Durante este curso temos 4 profesores asignados ao equipo de Biblioteca, que realiza entre outras actividades, o servizo de empréstitos e atende ás consultas do alumnado e profesorado, así como á formación dos auxiliares. Por outro lado tamén, ocúpase dos seus fondos, das altas e baixas dos volumes, da cesión dos que consideran oportuno aos departamentos e aulas, entre outras tarefas. O equipo de apoio da Biblioteca está integrado polos seguintes docentes e alumnos:

- Armando Sendín Domínguez (Coordinador), LAURA FIGUEIREDO IGLESIAS, PEDRO GREGORIO MOSQUERA e TERESA VÁZQUEZ PILLADO.
- JEREMY LION CARHUACHÍN TELLO, LAURA CORTEGOSO FERNÁNDEZ, MAURO COSTAS LÓPEZ, MARTÍN COYA IGLESIAS, LEIRE FUENTES

OTERO, RUBÉN GONZÁLEZ MARTÍNEZ, ELSA GAGO ÁLVAREZ, ANA GUIMERÁNS BASTÓN, TOMÁS PAREDES SANTOMÉ, IBAI COSTAS SANTOS, XIÁN CHAPELA CALO, OLALLA BERNÁRDEZ GARCÍA, PEDRO POSADA MALVIDO, CARMELA FERNÁNDEZ ESTÉVEZ, XABIER HERBELLA SILVA, MARTÍN JARAMILLO RUBIANO, ELISA MARTÍNEZ COYA, XOEL NOGUEIRA HERMELO, OMAR NÚÑEZ LAGOA, SAÚL PAREDES SANTOMÉ, CARMEN CECILIA PIÑEIRO DASILVA, GUILLERME SOTELO GUTIÉRREZ, ALMA DEL RÍO RODAS, ANXO SOTELO VENTÍN, DIEGO SOTELO VENTÍN, NOELA SOTELO FERNÁNDEZ, XAIRO CASTRO GERMADE, TOMÉ PUMAR BASTÓN, VANESA GAGO BASTÓN. (Alumnos/Auxiliares de Biblioteca).

No **ANEXO nº 2** mostrase o cadro de gardas do coordinador e do equipo de apoio da Biblioteca, así como os horarios do alumnado auxiliar.

A biblioteca escolar do I.E.S. María Soliño forma parte dende o curso 2021-2022 no Proxecto KOHA da Rede de Bibliotecas de Galicia:

<https://intranet.edubib.xunta.gal>. Este feito fixo cambiar todo o organigrama organizativo da biblioteca así como a formación que se lle da aos auxiliares e aos usuarios en xeral.

A través do OPAC da nosa biblioteca: <https://iesmariasolino.edubib.xunta.gal>, os usuarios da mesma poden acceder a todo o catálogo e servizos da mesma, facilitando o acceso á información.

Os fondos da biblioteca, que abranguen materiais variados (libros, 4 libros electrónicos coas lecturas obrigatorias dos distintos departamentos, enciclopedias, revistas, películas e outros elementos audiovisuais) alcanzan os 15, 256 exemplares catalogados entre os presentes na sala e os aloxados nos diferentes departamentos.

## **2. A ÁGORA DO CENTRO. UN ESPAZO MÁIS DA BIBLIOTECA.**

A Ágora é unha parte moi importante dentro do concepto amplo de Biblioteca e lectura que defende o noso Centro e o seu equipo de traballo. Trátase dun grande espazo central duns 150 m<sup>2</sup>, a un nivel superior do vestíbulo de entrada, e comunicado con este a través de dous tramos de escaleiras situados a ambos lados da mesma que dan acceso tamén ao primeiro andar. Circundando este espazo atopamos os corredores do andar principal e aquel que une as dúas ás do andar principal. A Ágora está rodeada case na súa totalidade por unha xardineira corrida na que crece unha boa vexetación, con bancada pegada que só se interrompe polos accesos. O seu teito levántase a uns 15 metros de altura en forma dunha cúpula piramidal. Nela

realízanse múltiples actos, fundamentalmente exposicións, exhibicións, representacións teatrais así como actos lúdicos de carácter excepcional. Nela é doado atopar grupos cos seus profesores realizando traballos de plástica e pintura, confeccionando pancartas, carteis e anuncios, debuxando do natural...

Neste lugar central da vida do centro tamén está presente a Biblioteca que transcende así as paredes do seu espazo físico para, a través das exposicións realizadas co gallo das distintas *Olimpiadas do Saber da Biblioteca*, por exemplo, facerse presente no centro da vida escolar. Tamén as novidades da Biblioteca van parar a este lugar, a través dun expositor, onde todos os membros da comunidade educativa do instituto acceden ás últimas adquisicións do centro.

No **ANEXO FOTOGRÁFICO nº 3** podemos observar imaxes que ilustran o descrito.

### **3. PLANEAMENTO DE ACTIVIDADES A REALIZAR AO LONGO DO CURSO 2022-2023.**

Os encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, supoñen unha posta en común de diversas propostas de traballo e de realidades, levadas a cabo, en distintos centros educativos da Comunidade Autónoma. Como sempre, estas xornadas resultan enriquecedoras en moitos aspectos pero para este coordinador supuxeron a afirmación dun convencemento, madurado dende anos atrás: a importancia da biblioteca como centro da inclusión daquel **1Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo** e a importancia do traballo por **Proxectos**, coordinados dende a biblioteca, que incidan na consecución deste fin integrador. Chegar a facer da biblioteca do centro, unha **Biblioteca Escolar Inclusiva** coido debe ser o obxectivo para os vindeiros anos.

O **ANEAE** é cada vez máis numeroso e está máis integrado nos centros educativos como o noso, máis ás veces, debido á propia estrutura organizativa dos institutos de secundaria e as especificidades deste alumnado, permanecen fora dos seus grupos durante gran parte da xornada agrupados naquelas clases de apoio. Agás logo, nas distintas celebracións do instituto o lugar onde calquera alumno (independentemente das circunstancias especiais que o acompañen) pode sentirse un máis, coido que é a biblioteca. Xa este curso pasado, comezamos a nosa participación no programa denominado **BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS**, integrado no

---

1 Dentro deste tipo de alumnado temos; aqueles con necesidades educativas especiais (discapacidades e/ou trastornos); problemas e/ou dificultades específicas de aprendizaxe; altas capacidades intelectuais; incorporación tardía (procedente do estranxeiro, retornados...); necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais, ou de historia escolar (saúde, minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable...) e todos aqueles con problemas de sociabilidade, nomeadamente tímidos.

**PLAN LÍA** (Lectura, Información e Aprendizaxe), xa que unha das funcións máis importantes da biblioteca escolar é a de axudar a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e de acceso ao coñecemento, poñendo a disposición de todo o alumnado -especialmente o **ANEAE**- todas as ferramentas precisas para avanzar na súa formación como lector crítico e como usuario e produtor de información. Precisamente a nova fase do **PLAN LÍA** na que estamos inmersos, afronta o reto de “pensar a biblioteca escolar como biblioteca inclusiva para unha mellor atención á diversidade”.

Sabemos que iso non será fácil, que requirirá dun alto grado de compromiso e de traballo por parte dos membros do equipo de bibliotecas, dun reparto de competencias entre estes que ata o momento non existe, polo tanto dunha maior labor de coordinación con reunións máis periódicas, e dunha programación pechada, dende comezo do curso que permita unha planificación en tempo e forma das actividades a realizar na mesma. En modo algún, iso non significa estar “encorsetados”, sen deixar liberdade para propostas que poidan xurdir (p. ex. Visitas de autores á biblioteca) pero sí cómpre, que as celebracións a realizar pola biblioteca estean fixadas de antemán, para evitar o solapamento das organizadas por distintos membros do equipo.

Aínda que facer unha previsión total das actividades pode parecer demasiado prematuro a estas alturas, unha boa planificación das mesmas da un bo resultado e se ben non é garantía de éxito, a lo menos o é de traballo ben feito -non exento de crítica e mellora, claro está-.

Na seguinte relación mostramos o Plan do Curso 2023-2024, a concretar en posteriores reunións antes da finalización do presente. Para establecer as actividades a realizar pola biblioteca en datas sinaladas, *“Poñerase especial atención en superar a fase de “celebración” dos días marcados no calendario civil `[…], facendo unha selección **non ritualista** dos días aos que prestar unha especial atención desde a biblioteca, acorde cos obxectivos do Plan Lector de Centro ...”*

#### ACTIVIDADES DE FORMACIÓN:

- Formación dos membros do Equipo de Bibliotecas nas distintas labores inherentes á mesma (procura e ordenación de libros nas baldas, procura de materiais no MEIGA, ...)
- Formación de Usuarios realizadas nas primeiras semanas do curso en todos os niveis da E.S.O. e tamén do Bacharelato.
- Formación en todas as labores propias de xestión da biblioteca do *Equipo de*

*Auxiliares de Biblioteca*, no caso de que este novo curso teñamos candidatos para integralo.

#### PROXECTO DE BIBLIOTECA:

- Coordinar e Planificar a través da biblioteca, o TRABALLO POR PROXECTOS, que supón un enfoque máis global ou se queremos menos restritivo, das distintas áreas de coñecemento que integran o currículo, xa que na meirande parte das veces, departamentos afíns traballan de costas uns aos outros, e competencias que se traballan en distintas áreas son asumidas, na súa avaliación, polos profesores daquelas materias que semellan estar máis próximas a esa competencia determinada ou que traballan máis especificamente aspectos relacionados con esta. Isto suporá un cambio de metodoloxía de traballo no centro, que terá que romper con sinerxías do pasado e resistencias docentes.
- Continuar e ampliar a nosa participación no programa de BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, a través da solicitude do selo "Biblioteca Escolar Solidaria". Para tal fin iniciaremos o camiño cara a converter a biblioteca do centro nunha Biblioteca Inclusiva. Isto significará:
  - Mellorar o espazo de lectura informal existente na biblioteca, facéndoo máis accesibles e practicable, con achegas de novo mobiliario e equipamento adecuado a este fin. A intervención sobre este espazo será prioritaria, creando así un espazo de convivencia.
  - Engadir á identificación dos fondos bibliográficos existentes, completando a sinalética con placas con pictogramas identificativos que fagan máis accesible a información a todos os usuarios.
  - Contemplan na colección de lecturas da biblioteca, textos adaptados (letra grande, linguaxe de signos, pictogramas, redactados con criterios de lectura fácil...), material multisensorial, xogos e material manipulativo etc. Este material terá a signatura ME (material especial) seguido de *número currens* e na parte superior do lombo unha etiqueta identificativa de cor amarela.
  - Publicación periódica das novas e actividades da biblioteca a través das redes sociais e en concreto da dirección de INSTAGRAM do noso instituto.
  - Elaboración dunha **Guía de Usuarios** para o profesorado e o alumnado onde se expliquen as normas da biblioteca e o sistema de clasificación, adaptado á CDU.
  - Traballar nas actividades realizadas pola biblioteca, a prol dun enfoque participativo e de acceso igualitario por parte de todo tipo de alumnado.

**ANEXO 1.**





## ANEXO 2:

### PROFESORADO

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
1ª hora					
2ª hora		LAURA	PEDRO	ARMANDO	ARMANDO
3ª hora	TERESA	PEDRO		LAURA	
RECREO					
4ª hora		TERESA	LAURA	PEDRO	LAURA
5ª hora		ARMANDO	ARMANDO		
RECREO					
6ª hora					
7ª hora					



## AUXILIARES

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª hora					
2ª hora					
3ª hora					
<b>RECRO</b>	Carmela Fernández Elisa Martínez Rubén Fernández Mauro Costas	Xoel Nogueira Olalla Bernárdez Leire Fuentes Ana Guimeráns Pedro Posada Jeremy Carhuachín	Xián Chapela Martín Coya Rubén González Omar Núñez	Elsa Gago Alma del Río Guillermo Sotelo Alexia Martínez Martín Jaramillo	Vanesa Gago Tomé Pumar Saúl Paredes Anxo Sotelo
4ª hora					
5ª hora					
<b>RECRO</b>	Noela Sotelo Diego Sotelo Carmen C. Piñeiro Cristina García Laura Cortegoso		Tomás Paredes Ibai Costas Xabier Herbella Xairo Castro		
6ª hora					
7ª hora					

### ANEXO 3:



